

# CAMPIONATO GALEGO DE MINI WÁTER-POLO ALEVÍN

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-35

## 1.- PARTICIPACIÓN.

- 1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Como caso excepcional un clube poderá inscribir até 3 equipos. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.
- 1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de calquera modalidade da FEGAN.
- 1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores ANEXO, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.
- 1.4.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 98 e posteriores en categoría masculina e feminina.

## 2.- INSCRICIÓNS.

- 2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 15 días antes da celebración do campionato.
- 2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego alevín.
- 2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a Federación Galega de Natación comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

## 3.- CALENDARIO.

- 3.1.- Celebraranse dous Campionatos un de inverno e un de verán segundo calendario. As datas poden ser modificadas sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicáranse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

## 4.- SISTEMA DE XOGO.

- 4.1.- Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, aínda que e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderán organizarse con menor duración que a habitual, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.
- 4.2.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, o equipo organizador será quen decida que sistema de xogo se empregará.
- 4.3.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) determinarao o clube organizador en función da dispoñibilidade horaria da instalación.
- 4.5.- Xogarse conforme ao Regulamento de Mini Wáter-polo de Galicia

## 5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

- 5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.
- 5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- TÍTULOS E PREMIOS.

- 6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e trofeo-recordatorio a cada equipo participante e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados e recordatorio a os compoñentes dos restantes equipos participantes.

A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo.

## CAMPIONATO GALEGO DE MINI WATER-POLO ALEVÍN

Formulario de inscripción -Tempada 2009 - 2010					
Clube / Equipo :					
Nome persoa de contacto:					
Indicar a categoría na que se inscribe:					
CAMPIONATO DE INVERNO			CAMPIONATO DE VERÁN		
DEPORTISTAS					
	Apelidos	Nome	D. Nacemento	N. Licenza	N. Gorro
1.					
2.					
3.					
4.					
5.					
6.					
7...					
8.					
9.					
10.					
11.					
12.					
13.					
14.					
15.					
16.					
17.					
18.					
19.					
20.					
TÉCNICOS					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					
DIRECTIVOS / DELEGADOS					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN